

CO₂RUÑA



NÚMERO 15

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**
CONCELLO DA CORUÑA

O DÍA DA CIENCIA NA RÚA

O parque de Santa Margarita volveu ser o escenario das actividades entre as que, un ano máis, desenvolvéronse tamén as do programa municipal de educación ambiental

Nesta XXII edición o Día da Ciencia na Rúa contou neste ano 2017 coa participación de 36 centros educativos da Coruña, Culleredo, Cambre, Carral, Oleiros, Sada, Betanzos, Lugo e Ribadeo. Os museos científicos coruñeses uníronse cunha xornada de portas abertas e o Planetario da Casa das Ciencias ofreceu un maratón de sesións. A Asociación de Amigos da Casa das Ciencias, a Universidade da Coruña a través da Facultade de Ciencias, a Escola de Enxeñería de Camiños, o Centro Oceanográfico da Coruña, o Instituto de Investigacións Biomédicas da Coruña INIBIC e o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas foron parte tamén deste día. E, como nos anos precedentes, a Concellería de Medio Ambiente e o programa municipal de educación ambiental tampouco faltaron á cita.

Desde o programa municipal deseñouse nesta edición do ano 2017 un percorrido para os que quixeran sumarse, sen inscrición previa. O mesmo consistiu nun paseo para observar aves nun dos pulmóns verdes da nosa cidade. O paseo consistiu nun percorrido de 45 minutos durante o cal se foron observando diferentes especies e comentando distintos aspectos da súa bioloxía e ecoloxía na cidade.

Contribuír ao Día da Ciencia na Rúa cunha actividade vinculada á posta en valor da biodiversidade e ao fomento da súa conservación é un xeito de acercar a concienciación ambiental á cidadanía. É o único modo de obter unha vida plena compartida con tódolos seres vivos que nos acompañan na nosa andaina polo mundo.



DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE NA CORUÑA: O ENIL TORRE DE HÉRCULES

Todos os anos celébrase o 5 de xuño como o Día Mundial do Medio Ambiente, sendo unha magnífica oportunidade para levar a cabo actividades de sensibilización cara á consecución de actitudes máis respectuosas e sostibles co Planeta.

O Concello da Coruña cada ano propón actividades para a poboación en xeral, para chamar a súa atención sobre o decisivo papel que xogan na construción dun futuro máis sustentable. No ano 2017 o protagonismo centrouse na contorna de Punta Herminia con motivo da obtención da figura de ENIL para este tramo de costa e as campiñas litorais de gran significación e valor para a nosa cidade.

Con este eixe protagonista pretendeuse dar a coñecer (singularmente este ano) a gran riqueza ambiental que garda este destacado espazo natural enriquecido dobremente pola presenza do monumento Patrimonio da Humanidade do faro Torre de Hércules.

As actividades da programación desta xornada contaron con accións destinadas respectivamente a escolares (xornada de mañá) e público en xeral (xornada de tarde) desenvolvidas no entorno de Punta Herminia. Así mesmo editáronse materiais divulgativos para estes asistentes e outros para ser reflectidos na rolda de prensa que con motivo da xornada tivo lugar no palacio municipal.

**5 DE XUÑO 2017
DÍA DO MEDIO AMBIENTE**

ENIL > TORRE DE HÉRCULES

un espazo natural para protexer, coidar e desfrutar

Que é un ENIL? Son as siglas de Espazo Natural de Interese Local. Lugares que nun termo municipal son merecedores dunha figura de protección polos seus valores naturais.

Das 3200 especies totais de flora e fauna catalogadas na cidade, máis de 700 atópanse na contorna máis próxima á Torre. Destaca a presenza de especies vexetais coma a herba de namorar, os nosos toxos litorais e outras, que só se atopan en todo o mundo en escasos recunchos costeiros das costas atlánticas peninsulares.

De todo o mundo, tan só os que se avistan no noroeste da península Ibérica poderían gozar desta fermosa planta. A súa presenza (fraxa de rosa a terra do mar ali-Cherpi) é galeguesa.

Leucodroma moreta

Alto longo de ano poderían ver neste ENIL máis de 100 especies de aves. Cando breves practicas toda esta beleza está á nosa alcance.

Mossuto

Osuros

Herba de namorar

Torre de Hércules

Calle de Depoñer do Toxo

Alameda Municipal

Parque de Punta Herminia

Plaza de San Amaro

Riño

A ra das veigas pertence ao grupo de animais máis ameazados a nivel global do planeta. Se pases co teu can, esta es zonas encircadas que son o teu fogar.

Os das veigas

Superficie ENIL Torre de Hércules

CORUÑA VIVA

Aguntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

C

CORUÑA > PRÓXIMA

ACTIVIDADES CON ESCOLARES

Pola mañá participarán nas actividades uns 100 escolares repartidos en catro grupos de 25 (a estrutura dun aula). Foi o alumnado do colexio público Sanjurjo de Carricarte comprometido para ser os protagonistas desta xornada. Ademais deles, nesta xornada tamén alumnos do Fogar de Santa Margarida programados con anterioridade nesta data por esixencias da súa axenda, estiveron no ENIL na súa visita no marco dos programas municipais de educación ambiental.

- *Xogo de pistas "O ENIL de Punta Herminia"*
Os participantes repartíronse en pequenos grupos coa intención de atopar unha serie de probas. Seguindo as pistas e incógnitas dadas polos educadores, todo o xogo, e as propias probas repartidas polo espazo do ENIL, tiveron unha temática referida ao propio espazo de Punta Herminia e a Torre. Descubrir taxóns interesantes de flora deste espazo natural, observación de aves, pescudar cal é o impacto ambiental do ser humano na zona, e con todo iso investigar, preguntar a maiores, debuxar, pintar, correr... Cada grupo de nenos e nenas tiveron o seu material para completar a tarefa divididos por equipos.
- *Creación dos personaxes dun teatriño ecolóxico*
A segunda actividade foi máis tranquila. Nesta actividade cada neno creou un monicreque a partir dun patrón previo. Os monicreque foron habitantes deste ecosistema, tanto vexetais como animais.
Para finalizar a actividade os participantes posarán cos seus monicreques xunto as letras do ENIL para completar unha foto de grupo co que conmemorar a xornada.

VISITA GUIADAS NO ENTORNO DE PUNTA HERMINIA

A visita guiada para grupos interxeracionais partiu da caseta de información turística situada no aparcamento, ao pé do monumento, e recorreu a contorna durando desde as 17 horas hasta as 19 horas cunha afluencia destacada de interesados.



O ÚLTIMO MES LECTIVO

O programa municipal de educación ambiental dispón de actividades ao longo de todo o ano. O medio ambiente ofrécenos excitantes novidades en cada estación. A nosa interacción coa natureza nunca se detén e os distintos ecosistemas non paran tampouco na súa evolución ao longo dos meses. Outros lugares relacionados co medio ambiente, aínda que non o sexan directamente con espazos naturais, como as instalacións de tratamento de residuos, a atención dos animais no programa de adopcións, etc. continúan en plena vixencia tamén nos nosos programas educativos. En total, case mil nenos pasaron polos diferentes programas neste mes de inicio do verán.

Programas escolares:

No mes de xuño conclúen as actividades lectivas nos centros. A piques de comezar as vacacións, as últimas xornadas de clase son de apuro nas avaliacións, de estrés de exames, etc. Por esta razón, no programa de educación ambiental son datas destinadas ao público de menor idade. A primavera está xa no seu esplendor e o profesorado prefire estas datas para saír das aulas. O cambio de rutina suple o esgotamento ao que se enfrontan nas últimas xornadas, que ademais poden ser calorosas, apetecibles ao exterior. Percorrer a ribeira do río Mero no programa da "Ruta da Auga" ou Punta Herminia e San Pedro co alumnado do "Vexo Vexo" é sinónimo do final do ano escolar.



Como novidade este ano o colexio María Pita realizou con nos nestas datas a súa saída de fin de curso de contido educativo. Logo de que durante todo o ano estivéramos traballando cos diferentes grupos de idades do seu centro nun completo programa de identificación das árbores do seu contorno, os maiores realizaron unha saída educativa as Fragas do Eume. Como conclusión deste ano traballando cos árbores solicitaron á área municipal o traballo de acompañamento guiado nesta saída para os maiores do centro antes do paso a unha nova etapa educativa xa no instituto. O Parque Natural das Fragas do Eume foi o destino elixido. Nas Fragas o centro de interpretación, a riqueza botánica, a fauna e o río fixéronse co protagonismo.

Charlas:

Neste mes dúas xornadas das do programa de charlas ambientais foron elixidas polos responsables do centro cívico de Mesoiro. A dirección deste centro conta con dúas sedes, unha en Mesoiro e outra en Feáns. No primeiro caso os asistentes son dun perfil máis novo que no segundo, onde comparecen veciños frecuentemente xubilados que, cunha frenética actividade relacionada coa cultura, incluíron desde fai un par de anos no seu calendario datas para actividades relacionadas tamén co medio ambiente.

En Mesoiro a charla versou sobre os bosques, a súa rexeneración e contou adicionalmente cun taller de bombas de sementes. No caso de Feáns a charla foi sobre o cambio climático e os efectos globais que xa se deixan sentir na nosa vida diaria. No segundo caso non puido ser máis actual posto que coincidiu co anuncio por parte da administración americana da súa saída dos acordos de París o que suscitou un interesante debate e reflexións entre os asistentes.

No centro cívico de Feáns nas xornadas previas instalouse a exposición itinerante sobre Ou Cambio Climático que suma xa a súa sexta exhibición nun espazo público da cidade.



DÍA DOS OCÉANOS 8 DE XUÑO

Un ano máis os alumnos e alumnas da Grande Obra de Atocha celebraron connosco este día. A proximidade do seu centro o paseo marítimo e a estupenda disposición da súa Dirección aos programas ambientais lles facía os candidatos propicios para esta celebración. Con elas gozamos dunha xornada mirando ao mar.

Los problemas de contaminación dos océanos y un recorrido por zonas da nosa costa moi relevantes centraron la xornada. O instituto oceanográfico, a torre de vixilancia marítima e, por suposto, o noso faro da Torre de Hércules, foron paradas obrigadas.

As aves mariñas, os mamíferos da costa, as praias como ecosistema e zona de lecer ou a importancia no modelado da nosa paisaxe por parte do océano ocuparon tamén boa parte do relatorio da visita. Para rematar, na zona de Punta Herminia, unha lectura de homenaxe en forma de manifesto conservacionista pechou a xornada do día 8 de xuño fronte ao mar.

<http://www.lagrandeobradeatocha.com/videos%20portada/diaoceanos17.swf>



SAN XOÁN, NOITE MEIGA

Durante todo o mes de xuño sucedéronse as accións ao redor da Noite de San Xoán. Na tarde e madrugada do 23 ao 24 nos areais e barrios da nosa cidade miles de coruñesas e coruñeses gozaron da noite máis festiva e buliciosa do ano.

A festa é de tal magnitude que tamén supón un operativo moi esixente para quen se encarga de velar pola seguridade na cidade. A policía local, protección civil, o persoal da Cruz Vermella, etc. poñen todas as sardiñas no asador para que a noite sexa un éxito. Nos programas de educación ambiental, separadamente das tarefas da propia noite, unha nova xornada de concienciación tivo lugar este ano.

A praia e os barrios:

Na praia do Matadoiro e en outros puntos das praias cun operativo instando baixo a denominación Praia Viva animábase aos cidadáns a redobrar os seus esforzos depositando selectivamente os residuos da súa celebración nun ano singularmente complicado pola carreira de marea prevista para esa noite.

O resultado ao final dá noite foi espectacular, con moitísimas menos toneladas retiradas polos servizos de recollida que en anos precedentes. Cada ano o resultado é máis esperanzador, ao que está a contribuír un labor de comunicación que este ano de novo estivo presente na noite nos areais.





**CORUÑA
VIVA**

CO₂RUÑA

www.coruna.es/medioambiente

síguenos en:



CO2Coruña



@CO2Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

**Para máis información sobre os
Programas de Educación Ambiental**

981 903 834
educacionambiental@coruna.es



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

**CORUÑA
MEDIO AMBIENTE**

